



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

<b>ACTA Nº 10</b>		<b>PLENO DO CONCELLO</b>	
DATA DA SESIÓN: <b>21.12.2016</b>	CARACTER: <b>EXTRAORDINARIA</b>	CONVOCATORIA: <b>PRIMEIRA</b>	
LUGAR: <b>SALÓN DE PLENOS</b>		HORA: <b>08:30 HORAS</b>	

<b>PRESIDE:</b> D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE	PsdeG-PSOE
--	------------

**ASISTENTES:**

D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D <sup>a</sup> . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTERVENTORA XERAL

Antes de pasar a tratar os puntos da Orde do día, o Sr. Alcalde pide que se garde un minuto de silencio polas dúas últimas vítimas de violencia de xénero e, por petición do Sr. Rodriguez Fariñas, tamén polo atentado terrorista en Turquía.

Rematado o minuto de silencio, pásase a tratar dos asuntos que conforma a orde do día que foi legal e previamente notificado:

**PUNTO 1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE Ó EXERCIZO 2017.**

**O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta da alcaldía:**

*“De conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:*



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o Orzamento Consolidado do Concello de A Guarda para o exercicio económico do ano 2017 que ascende á cantidade de **SEIS MILLONS TRESCENTOS VINTE E NOVE MIL DOUS CINCUENTA E OITO EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (6.329.258,66 €)**, as súas bases de execución, o anexo de persoal, o anexo de inversións, e demais documentación engadida no expediente.

A aprobación do orzamento consolidado supón a aprobación do orzamento do Concello de A Guarda para o exercicio económico 2017 por importe de **SEIS MILLONS CENTO CORENTA E DOUS MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (6.142.948,06 €)** e a aprobación do orzamento do Padroado Municipal para o exercicio económico 2017 por importe de **CENTO OITENTA E SEIS MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (186.310,60€)**.

A aprobación do orzamento do Concello de acordo co seguinte resumo:

ESTADO DE GASTOS

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS	CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CORRENTES</b>	
1	Gastos de Persoal	2.468.442,46	1	Impostos directos	1.550.557,18
2	Gastos en bens Correntes	2.990.064,52	2	Impostos indirect.	37.932,84
3	Gastos financeiros	3.210,26	3	Taxas	1.511.924,76
4	Transferencias Correntes	335.474,00	4	Transferencias Correntes	2.916.848,27
5			5	Ingresos patrimon.	17.900,00
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CAPITAL</b>	
6	Inversións Reais	189.478,66	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	0,00	7	Transf. capital	101.785,01
8	Activos financeiros	6.000,00	8	Activos financeiros	6.000,00
9	Pasivos financeiros	150.278,16	9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>6.142.948,06</b>		<b>TOTAL</b>	<b>6.142.948,06</b>



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A aprobación do orzamento do Padroado de acordo con seguinte resumo:

ESTADO DE GASTOS

ESTADO DE INGRESOS

<b>CAP.</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>EUROS</b>		<b>CAP.</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>EUROS</b>
	<b>OPERACIÓNS</b>				<b>CORRENTES</b>	
1	Gastos de Persoal	88.531,35		1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens Correntes	41.538,97		2	Impostos indirect.	0,00
3	Gastos financeiros	60,00		3	Taxas	186.110,60
4	Transferencias Correntes	28.090,14		4	Transferencias Correntes	0,00
5				5	Ingresos patrimon.	200,00
	<b>OPERACIÓNS</b>				<b>CAPITAL</b>	
6	Inversións Reais	0,00		6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	28.090,14		7	Transf. capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00		8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00		9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>186.310,60</b>			<b>TOTAL</b>	<b>186.310,60</b>

**SEGUNDO:** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ó público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que durante o prazo de quince días hábiles, os interesados indicados no artigo 22.1 do R.D. 500/90 poderán examinalo e formular as reclamacións a que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**TERCEIRO:** O Orzamento considerase definitivamente aprobado se durante o período citado non se presentaran reclamacións, entrando en vigor, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos do mesmo.

**CUARTO:** Remitir copia do Orzamento aprobado aos órganos competentes do Estado e Comunidade Autónoma.

A Guarda, a 11 de decembro de 2016  
O alcalde, Asdo. Antonio Lomba Baz"



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ÁBRESE O DEBATE**

A sra. Magallanes Alvarez di que xa na Comisión de Contas se explicou que estes orzamentos para o ano 2017 dan satisfacción ás necesidades máis importantes dos guardeses, en mellor medida que os orzamentos prorrogados do ano 2015. Hai diferencias substanciais co orzamento prorrogado, así por exemplo no capítulo 2 hai partidas moito mellor dotadas de crédito inicial para cubrir servizos, de tal xeito que se poderá dar solución ó problema xa tratado en pleno en moitas ocasións de evitar reparos. Asimesmo permite contemplar un plan de inversións que co orzamento prorrogado non se podía facer. O orzamento recolle tamén diversas demandas dos grupo da oposición: por exemplo, regulación das productividades, a elaboración da RPT, a Oferta de Emprego Público e un aumento de crédito nos servizos sociais do 31%. Este orzamento cumpre coa norma de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto. En definitiva, di que permite cubrir as necesidades dos veciños en mellor medida que os orzamentos prorrogados porque permite axustar os recursos a ditas necesidades ademais de invertir. Remata dicindo que estes orzamentos están moito máis definidos grazas ó estudo que se fixo do custe efectivo dos servizos.

A sra. Iglesias Ferreira di que se reuniu co equipo de goberno e iso é de agradecer. Considera que son orzamentos continuistas, ligados ó gasto corrente, aínda que cre que tampouco hai moitas máis alternativas, xa que de “onde non hai non se pode sacar”. Di que xa lle comunicou ó equipo de goberno que para non morrer débese solicitar o apoio doutras administracións, negociando e falando. Considera que A Guarda non só ten que mellorar as infraestruturas actuais senón que ten que dotar de novas infraestruturas. Di que é importante que se elabore a Relación de Postos de Traballo. Remata dicindo que quere escoitar o posicionamento do resto dos grupos.

O sr. Rodríguez Fariñas di que con él non se falou. Fai referencia á situación que se está contemplando en diversos concellos en relación a aprobación dos orzamentos manifestando que non lle gustan as maniobras que se están levando a cabo nalgún deles. Cre que A Guarda está paralizada. Recorda as preguntas que fixo na Comisión de Asuntos Económicos, principalmente a que fixo respecto a como está o expediente para a actualización do inventario de bens que aínda sigue sin contestar. Di que hai que resolver moitos problemas pendentes, relacionados coa forma de contratar e coa elaboración de ordenanzas (especialmente no servizo de Asuntos Sociais). Di que o comentario xenérico da rúa é que A Guarda vai morrendo e ten un dilema entre o que pensa e o que lle dita o corazón. Non entende que se amplíe o crédito para servizos sociais e xa se lles estea transmitindo á idea de contratar unha empresa externa. Comparte a dotación de orzamento para a elaboración da RPT pero recorda que esta corporación xa aprobou a principios deste ano este asunto. Existe unha responsabilidade do equipo de goberno para que non haxa reparos. Dille á sra. Magallanes Alvarez que non o convenceu pero que, por outra banda, non quere terminar esta lexislatura sin que se actualice o Inventario de Bens Municipais. Pide que se lle expliquen moi a fondo as razóns pola que adoptar un acordo ou outro.

O sr. Baz Vicente di que tiveron algunha reunión co equipo de goberno pero non houbo tempo material para chegar a un entedemento e quedaron cuestións enriba da mesa sen resolver: manifesta que o BNG vota en falta unha partida para normalización lingüística,



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

unha partida para unha remodelación integral da Praza de Abastos, unha partida para a mellora do pavillón de Solanas, unha partida para un plan de accesibilidade (obrigado por lei). O BNG sí que cre que hai de onde sacar os cartos pero hai que negociar: levan anos dicindo que o mantemento do Centro de Saude ten que pasar á outra administración; tamén trouxeron unha moción para reducir os custes de SOGAMA; demandaron outra vía para Escola Infantil derivando o seu custe a outra administración así como o custe da Oficina de Xestión Tributaria. Con estas medidas o Concello da Guarda estaría aforrando en torno os 500.000 euros. Critica que a partida para o fomento do emprego estea dotada con 700 euros, que as prazas vacantes sigan sin cubrirse, que as festas de promoción turística están moi mal dotadas, etc... Di que o seu voto vai ser non a estes orzamentos pero tenden a man para chegar a un acordo negociando.

A sra. Ortega Martinez agradece que o equipo de goberno se reunira con eles pero di que non tivo o documento dos orzamentos ata fai uns días, e por eso quere facer algunhas preguntas:

Se a partida 135 se refire ó GES e non a protección civil, por qué non se cambia o epígrafe? Hai dotados 10.000 euros para adquisición de terreos, a cal se refire?

Dotación para protección de patrimonio histórico de 18.000 euros, en que se está pensando?

Dotación para xestión de patrimonio de 15.000 euros, en que se está pensando?

Apunta que non se incorpora a este orzamento a subvención do Plan Concellos da Deputación e polo tanto non sabe en que se vai empregar, enterarase pola prensa.

Como se distribuen os cartos das subvencións?; cal é o baremo para o reparto? Desaparece unha subvención para a Asociación o Cancelón e aparece unha dotación directa á Festa do Monte. Por qué as outras festas teñen que cumprir a Lei de Subvencións e estas non?

Di que non se cumpren as mocions do Partido Popular: última fase rúa A Cal, urbanización da rúa onde está o Conservatorio, a ordenanza de Emerxencia Social, ordenanza para os servizos do GES.

Di que non se cumpren nin siquiera as mocions do propio equipo de goberno: non hai dotación para a inclusión na Área Metropolitana.

En definitiva, cre que o orzamento é unha plasmación dunha xestión que o Partido Popular valora negativamente e polo tanto vai votar en contra. Seguirá loitando para que se elabore unha ordenanza que regule os servizo do GES. Pide que o equipo de goberno escoite á veciñanza.

A sra. Magallanes Alvarez di que, para todas as demandas dos grupos políticos, é necesaria a aprobación deste orzamento. Se a vontade de todos é que o pobo avance e mellore hai que aprobar estes orzamentos. Di que o Plan Concellos da Deputación complementa a estes orzamentos. Enumera cuestións prioritarias para o equipo de goberno: plan de accesibilidade, a vía de altas prestacións Tui - A Guarda, os servizos sociais. Recalca que os recursos do Concello son limitados e hai que acudir a outras administracións. Remata reiterando que a maior subida na dotación orzamentaria dase nos servizos sociais.

O sr. Alcalde di que o equipo de goberno conversou e negociou con todos os grupos políticos para a elaboración dos orzamentos. Relata o acontecido con cada un deles:

Co Partido Popular falouse, se lle dixo que estaban buscando apoio ós orzamentos e a resposta foi moi clara: non. Di que hoxe o Partido Popular fixo preguntas: preguntou por exemplo polo Plan Concellos; este plan era unha as bazas para negociar, non querían telo pechado. Pregunta tamén pola partida de 18.000 euros para protección do Patrimonio: esta partida ten que ver cos cartos que Concello ten do Padroado e que ten que invertir no propio



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

patrimonio. Respecto do tema das subvención aclara, por exemplo, que a subvención para Conrazones desaparece porque o propio presidente desa asociación lles dixo que non a necesitaba. Di que o equipo de goberno está disposto a falar de todo esto cando queiran.

O BNG pide tempo, pero o problema é que non o hai por esixencias legais. Ademais o BNG sempre criticou que se tardara tanto que traer os orzamentos a pleno. Di que as conversas co BNG foron demasiado lentas. Di que é curioso que os dous grupos minoritarios sexan os que propuxeron unha posición máis constructiva, probablemente por non estar suxeitos a directrices políticas. O equipo de goberno vai seguir traballando co BNG buscando o seu apoio. Di que as cuestións que plantexa o BNG ou xa están tratadas, ou están avanzadas ou non se pode:

- normalización lingüística, están dispostos a falar pero cren que debería ser a Mancomunidade quen xestione este tema para todos os seus concellos;
- remodelación integral para a praza de Abastos, di que os cartos que máis lle doe gastar foron os da cuberta de Solanas, non pola obra en sí, senón por que lle parece dunha inxustiza absoluta que o Concello tivera que financiar esa obra nun 50% mentras que noutras vilas se reformaran instalacións coma esta por 0 euros. Recorda o que pasou este ano coa subvención para a Praza de Abastos: a Xunta da unha subvención que é imposible de executar e xustificar en tempo.
- escola infantil, di que se está traballando nunha reforma da escola infantil. Estase a espera de que se resolva un problema no Consorcio para tratar as demandas deste Concello.
- Fomento do emprego, a aportación non é moi grande e habería que buscar financiación noutras administracións. O concello da Guarda ten en marcha un proxecto pioneiro que xa lle gustaría a outros concellos.
- Plan de accesibilidade, este ano vaise adiantar neste tema pero aínda non o teñen valorado.

Ó Sr. Rodríguez Fariñas dille que para o equipo de goberno a elaboración da RPT e a actualización do Inventario de Bens son asuntos primordiais e vaise traballar neles. Dille que tamén quere aprobar unha ordenanza que regule a emerxencia social para depende de moitos factores: que se redacte, que conte con informes favorables de secretaría e intervención e que se poida sacar adiante.

Di que a sra. Iglesias Ferreira quixo escoitar ós demais e pedía o inventario de bens. Di que se o problema é o inventario de bens, o equipo de goberno comprométese a elaboralo dende xa.

Di que orzamento ten uns obxectivos claros, é un proxecto definido e agora é hora de que cada un decida onde quere estar; eles saben que están en minoría e cren que a corporación debe formar parte do proxecto proposto. Di que lle gustaría que o voto de cada un estivese xustificado. Quere oír unha segunda rolda de intervencións para saber se hai concelleiros dispostos a apoiar este proxecto

A sra. Magallanes Alvarez di que o orzamento conta cunha porta aberta que é o Plan Concellos.

A sra. Iglesias Ferreira di que falou co seu grupo e propón que o equipo de goberno asuma o compromiso firme de elaborar un proxecto consensuado para a última fase da rúa Cal. Di que lle gustaría participar cunha proposta para executar con cargo ó Plan Concellos.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Finalmente recalca que hai negociar con outras administracións e chamar a moitas portas. Se se atende a estas demandas poderán contar co seu voto favorable.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que estes non son os orzamentos de Convergencia Galega. Por outra banda, di que non lle gustaría estar no pelexo dos alcaldes que están en minoría en varios concellos: Ferrol, Santiago, A Coruña, Pontevedra... Recórdalle ó Alcalde que el tamén está en minoría. Di que o inventario de bens é un condicionante para o seu apoio ós orzamentos. Di que estará vixiante ó que aconteza no Concello e pídelle ó Alcalde que debe resolver o tema das ordenanzas. Anuncia que votará a favor dos orzamentos.

O sr. Baz Vicente di que o BNG está disposto, dende hai tempo, a tender pontes, ó diálogo. Nas reunións que houbo non se puxeron as cartas sobre a mesa como fixo o Alcalde hoxe. Di que nunca dixeron que o seu voto estivera decidido ata o día de onte. Cre que o ofrecemento de chegar a acordos tiña que chegar antes. Queren uns orzamentos que recollan a vontade da cidadanía e por esta razón o voto do BNG vai ser non.

A sra. Ortega Martinez pide que se lle conteste ás súas preguntas:

Pregunta: Os 15.000 euros para xestión de patrimonio para que son?

O sr. Alcalde contesta que é para a Casa dos Alonsos.

Pregunta á interventora por qué unhas asociacións, para recibir subvencións, teñen que axustarse á Lei de Subvencións e outras non.

A sra. Magallanes Alvarez di que hai que ser serios. Na comisión de Asuntos Económicos se contestan a mioría das preguntas. En ocasións non se conteste todo para que non conste na acta determinados comentarios. Di que ela, despois da última comisión, falou en privado coa concelleira portavoz de Partido Popular para darlle explicacións. Di que se lle houbera preguntado estas cuestións naquel momento lle houbera contestado.

A sra. Ortega Martinez di que cumprir coa lei de Subvencións lle parece bastante serio. Pregunta por qué se retirou a partida para contratar a unha empresa redactora do Plan Xeral. O ano pasado había unha partida para esto e este ano.

O sr. Alcalde di que, se se dan as condicións para poder traballar neste tema, vaise facer. Di que vai falar coa Xunta para conseguir financiación.

A sra. Ortega Martinez lle pregunta á interventora que lle conteste se é normal que unhas asociacións teñan que acollerse a lei de Subvencións e outras non.

O sr. Alcalde lle di que non é unha cuestión de intervención e lle pide a interventora que non consteste. Estamos a falar, por un lado de subvencións á entidades e, por outro lado de colaboración con actos do Concello.

A sra. Ortega Martinez di que a concelleira de Cultura non debería votar a estes orzamentos porque cobra un soldo e forma parte da xunta directiva dunha asociación que leva unha subvención con cargo ós orzamentos.

O sr. Español Otero di que estivo en todas as reunións cos grupos políticos. É obriga do equipo de goberno buscar apoios para sacar adiante uns orzamentos e cre que elo é conveniente para o concello en xeral porque mellora a situación actual. Entende calquera posicionamento político. Di que o Partido Popular se negou a buscar un entendemento dende o primeiro momento no tema dos orzamentos. Pola súa parte, di que o BNG tardou moito tempo en dar resposta despois da primeira reunión. Na segunda reunión o BNG xa lle dixo



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que non ía apoiar os orzamentos. Entende o posicionamento do Partido Popular. Agradece o posicionamento dos grupos minoritarios.

O sr. Alcalde di que o equipo de goberno asume o compromiso de encargar a redacción da actualización do inventario de bens e de redactar o proxecto do último tramo da rúa Cal.

A sra. Iglesias Ferreira explica que a súa proposta é a elaboración do proxecto da última fase da rúa Cal e a participación a través dunha moción nunha obra con cargo ó Plan Concellos.

O sr. Español Otero di que o compromiso do equipo de goberno é firme.

O sr. Rodríguez Fariñas di que o equipo de goberno con el só tivo unha conversación informal. El apela a súa propia responsabilidade e pide que haxa responsabilidade por parte do equipo de goberno para elaborar as ordenanzas necesarias e para realizar procedementos de contratación segundo a lei. Anuncia que vai estar vixiante ante a labor do equipo de goberno. Remata recordándolle ó alcalde que está en minoría.

A sra. Ortega Martínez di que eles non teñen directrices políticas. Se alegra da situación actual porque agora xa se sabe onde está cada un. Di que a posición do Sr. Rodríguez Fariñas é incongruente porque apoia orzamentos e despois denuncia na fiscalía.

A sra. Iglesias Ferreira di que hai que respetar o seu dereito a chegar a un entendemento e a por en valor o voto que ten. Parécelle incongruente a posición do Partido Popular que apoia os orzamentos do Padroado e hoxe vótaos en contra.

O sr. Rodríguez Fariñas di que el está onde considera que ten estar. Lle pide á portavoz do Partido Popular que pense no pobo e que se se paraliza o pobo a responsabilidade é de todos. El considera que a maior contradicción é aprobar uns orzamentos onte no padroado e hoxe votalos en contra. Espera que o Partido Popular faga a mesma labor de fiscalización que fai el. Por último di que lle gustaría ver a posición de cada un se se chegara a unha moción de confianza.

A sra. Ortega Martínez explica o seu voto no padroado e di que ela pediu que se votaran os orzamentos do Padroado e do Concello por separado.

### **VOTACIÓN.**

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira **(nove votos a favor)**, e **CO VOTO EN CONTRA** dos Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez **(oito votos en contra)**.

### **PUNTO 2.- PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO**

---

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta:





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*Con motivo da aprobación da liquidación do orzamento do ano 2015, a intervención municipal informou do incumprimento da regra de gasto.*

*Segundo o disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público, e no artigo 19 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de aplicación da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación para as entidades locais, é precisa a aprobación polo pleno da Corporación dun plan económico-financiero que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos e regra de gasto co contido e alcance previsto no mencionado artigo.*

*Visto o proxecto de plan económico financiero elaborado para o Concello da Guarda, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Aprobar o Plan económico-financiero que consta en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo, conforme o previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.*

*Segundo.- Proceder á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a efectos exclusivamente informativos conforme ao disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, na que se establece que a aprobación dos plans económico-financieros precisa da mesma publicidade que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade.*

*Terceiro.- Dar traslado do Plan Económico-Financiero ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma virtual habilitada ao efecto.*

*A Guarda, a 5 de decembro de 2016*

### **DEBATE**

A sra. Magallanes Alvarez explica que o Concello incumple a regra de gasto no exercicio 2015 nunha cantidade moi pequeniña e iso obriga a aprobar un plan económico financiero por esixencia da administración central.

A sra. Iglesias Ferreira di que descoñece a repercusión deste plan económico financeiro. Non sabe que ten máis peso, se a parte técnica ou a parte política. Hai termos ambiguos que dificultan ententelo.

O sr. Rodriguez Fariñas di que a parte técnica sábena facer os técnicos e que se se equivocan é cousa deles. Di que él non entende esto.

O sr. Baz Vicente di que se van abster.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A Sra. Ortega Martinez di que, visto o informe de intervención, vanse abster. Di que no ano 2016 se cumpre a regra de gasto grazas ó Padroado.

A sra. Magallanes Alvarez di que a terminoloxía é a que é.

**VOTACIÓN.**

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e , Rodríguez Gonzalez **(sete votos a favor)**, e **COA ABSTENCIÓN** dos sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira **(dez abstencións)**.

O sr. Alcalde agradece o apoio dos orzamentos e renova o compromiso adquirido neste plenario.

Sendo as 10:20 horas do día da data o Sr. Alcalde da por rematada a sesión da que eu como secretario dou fe.